Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO 2005 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

CATEGORÍAS RELACIONADAS

[ATU 745 A] Arre burrico que o que nace para pobre non pode chegar a rico

Cando Xesús Cristo andaba polo mundo adiante, chegou a un lugar de Galicia onde estaba un zapateiro a mallar na sola dun zapato cun martelo enriba dunha pedra traída dun coiñal. O zapateiro, á vez que mallaba na sola, dicía:

—Arre burrico, que o que nace para pobre non pode chegar a rico!

Xesús Cristo contradiciu o que dicía e díxolle que el chegaría a rico.

O zapateiro contestoulle que non, que el nacera para pobre e nunca chegaría a rico.
Pasado o tempo, pasou outra vez Xesús Cristo pola zapatería e deixoulle unha broa de pan trigo ao zapateiro para que a puidera comer xunto coa súa muller e os seus fillos. A broa de pan estaba chea de moedas de ouro por dentro.

Cando Xesús Cristo marchou, o zapateiro foi rapidamente á casa dun rico que había na aldea e díxolle:

—Mire, señor, trouxéronme esta broa de pan trigo, pero nin eu nin a miña muller, nin os meus fillos estamos afeitos a comer este pan. Se me dá o equivalente a un día de xornal, doulle esta broa de pan.

O rico, que estaba afeito a comer cousas boas mirou para a broa de pan trigo e comproulla. E o zapateiro

marchou para a súa casa todo contento porque conseguira gañar o xornal dun día sen ter que traballar.

Recreación do conto (rememorado en novembro de 2026) escoitado por Manuel (entón un neno menor de 10 anos) en Prados, parroquia de Ribela, concello Coles (Ourense) na década 1950-1960 de boca do seu avó, José, cando este andaba entre os 76 e os 86 anos de idade.

Ver: O lugar dos contos